

Publicidade:

**SICON**CONTRATACIÓN PÚBLICA  
da Comunidade Autónoma de GaliciaXUNTA  
DE GALICIA

O noso boletín por e-mail conta xa con 3033 lectores. ¡Subscríbete!

# Código Cero

Diario de Novas Tecnolóxicas de Galicia

En español | Novas | Gadgets | Videoxogos | Edición impresa | Top 100

## O vídeo en 3D do grupo Divulgare sobre algas mariñas, recoñecido cun novo premio

martes 15 de novembro do 2011, por [Fernando Sarasqueta](#) | [Enviar](#) | [Compartir](#) | [12](#) | [Tweet](#) | [+1](#) | [0](#)

Seguimos coa ciencia, entre outras cousas porque este mes celébrase [na nosa terra](#) (e no resto do Estado e en toda Europa) a Semana da Ciencia, un evento que se dirixe a crear vocacións e a pór de manifesto o necesaria que é a profesión de investigador. Asemade, tamén se encamiña a divulgar ciencia, de xeito ameno e directo, e isto precisamente é o que se valora no certame *On zientzia*, concurso convocado dende Euskadi por ETB Teknopolis, un programa de alcance e prestixio mundial onde se destaca, cada ano, o traballo ben feito en materia de información

científica para aquelas persoas que non teñen grandes coñecementos de información científica. Pois ben, dáse a casualidade de que na nova edición foi recoñecido un traballo galego, un vídeo de [Divulgare](#) sobre as estratexias adaptativas a través da bioluminiscencia das algas *Noctilucas scintillans*. A peza, que acadou o primeiro premio pola súa calidade técnica e pola súa capacidade para dar conta directa dun tema que *a priori* semella complexo e técnico de máis, foi feita en 3D baixo o título *Estratexias adaptativas: hipótese da alarma contra ladróns*.

"O premio supón un orgullo dobre porque ábrenos portas na televisión autonómica e tamén porque conseguimos que unha persoa que aseguraba que a bioloxía non lle interesaba para nada elixira o traballo porque consideraba que lle transmitiría de xeito ameno información que descoñecía", informoulle á Universidade de Vigo o director do grupo, Luis Navarro.

Segundo [se engade na páxina da institución educativa galega](#), non é a primeira vez que o devandito vídeo recibe un recoñecemento internacional. De feito xa foi obxecto dunha mención de honra nos Premios Prismas de Bronce por reflectir o traballo dun grupo científico "de xeito claro, conciso e ben enfocado". *The Scientist*, a revista de prestixio internacional, distinguiu a peza co premio do público.

O obxectivo do traballo, engaden os seus responsábeis, é divulgar entre a cidadanía a capacidade destas algas microscópicas para brillar como modo de defensa, "fenómeno de bioluminiscencia que incluso Darwin tentou explicar a través da teoría da Alarma contra ladróns: as noctíluas, presa habitual de crustáceos transparentes, son quen de brillar no interior do seu depredador e convertelo nunha alarma fosforescente coa que atraer axuda". A peza inclúe imaxes en 3D obtidas a través dunha cámara microscópica que un científico bota pola borda dun barco e que expón ante os espectadores todo tipo de segredos fondo do mar.



Engadir un comentario...

 Publicar no Facebook

Publicar como Luis Navarro (Non es ti?)

[Comentar](#)[Complemento social Facebook](#)

Publicidade:



Revista en PDF:

[Descárgaa xa](#)avanzas  
en internetsiguenos a  
través de  
Google  
currents


EMPRENDO  
QUE É XERUNDIO

Premios  
FUNDACIÓN CEL  
XIV edición



- Xesús Vázquez Abad inaugura na Estrada as exposicións 'Querido Balbino, 1961-2011' e 'Balbino volve á escola'
- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asiste á conferencia de Luis Suárez Miramontes, "Fútbol: pasión y vida"
- Alfonso Rueda presenta o libro "El llanero solidario" do político venezolano Ramón Guillermo Aveledo



Premio da Galeguidade ao Medio de Comunicación



Galardón á Innovación Empresarial na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de Medios de Comunicación



Premio INNOVA-G pola difusión das TIC



Premio Comunicación Informática CPEIG 2011

